



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

D. JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que recentemente saíron publicadas no Diario Oficial de Galicia as seguintes convocatorias de axudas:

- ❖ **Para o fomento de sistemas de produción das razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos.** As subvencións serán de 100 euros por UGM de animal reprodutor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de fomento e de 130 euros por UGM de animal reprodutor recoñecido como pertencente ás razas autóctonas de protección especial, non podendo ser superior a 6.000 €/ explotación. Cada beneficiario poderá percibir estas axudas durante un período máximo de cinco exercicios anuais. Prazo de solicitude aberto ata 24/05/08. (DOG 24/04/08, Consellería de Medio Rural).
- ❖ **Para a promoción do emprego autónomo.** Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo como traballadores autónomos ou por conta propia. Existen varias liñas de axuda. O prazo xeral de solicitudes será de 2 meses desde a data de alta na S. Social, finalizando o 15/07/08. (DOG 28/04/08, Consell. Traballo)

Outeiro de Rei, 30 de abril de 2008.

O Alcalde,